



CONCELLO DE MUROS

BASES DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MUROS DURANTE O CURSO 2026/2027

1. Modalidades, lugares e idades

A. Esteiro (Pavillón Xosé Lago)

MODALIDADE	ANO DE NACEMENTO
Ximnasia rítmica	2023 ata o 2014
Patinaxe	2022 ata o 2010
Bádminton	2019 ata o 2010
Ximnasia mantemento/body tónico	2010 e anos anteriores

B. Muros (Pavillón de Miraflores/Piscina municipal de Muros)

MODALIDADE	ANO DE NACEMENTO
Taekwondo*	2023 ata 2014
Actividades predeportivas	2022 e 2021
Patinaxe	2022 ata 2010
Baloncesto	2020 ata 2010
Fútbol sala	2020 ata 2010
Iniciación ao xadrez	2020 ata 2010
Ximnasia de mantemento	2010 e anteriores

* Impartirase na piscina municipal de Muros

C. Louro (CEIP Louro)

MODALIDADE	ANO DE NACEMENTO
Ximnasia de mantemento	2010 e anteriores

D. Abelleira (Centro de Sorribos)

MODALIDADE	ANO DE NACEMENTO
Ximnasia de mantemento	2010 e anteriores

E. Torea (Casa Reitoral)

MODALIDADE	ANO DE NACEMENTO
Ximnasia de mantemento	2010 e anteriores



CONCELLO DE MUROS

2. Prazos do procedemento

PROCEDEMENTO	DATAS
Preinscrición	Do 9 de setembro ata as 14.00 h do 19 de setembro de 2026
Publicación dos horarios	23 de setembro de 2026
Matrícula	Do 24 ao 30 de setembro de 2026 (ambos incluídos)
Inicio das actividades	5 de outubro de 2026

3. Horarios

Cada escola deportiva consistirá nunha única sesión semanal. Con todo, existen excepcións para as seguintes modalidades:

- As escolas deportivas, “Ximnasia de mantemento en Muros (Pavillón de Miraflores) e Ximnasia de mantemento/Body Tónico en Esteiro, (Pavillón Xosé Lago)” contarán con 2 sesións semanais ao realizarse en instalacións propiamente deportivas.

Con isto, as persoas que participen nas actividades de ximnasia de mantemento en Louro, Abelleira e Torea poderán dispoñer dunha sesión adicional en calquera das instalacións propiamente deportivas, “Ximnasia de mantemento en Muros (Pavillón de Miraflores) ou ximnasia de mantemento/Body Tónico en Esteiro (Pavillón Xosé Lago), sempre previa comunicación ao Concello de Muros.

Os horarios faranse públicos o 23 de setembro de 2026. Estarán expostos nos taboleiros dos pavillóns, no Centro Cultural e Xuvenil de Muros, na páxina web do Concello de Muros, www.muros.gal e na sede electrónica municipal, sede.muros.gal.

Para a consulta telefónica dos horarios habílanse os seguintes teléfonos:

- 682 212 336 (pavillón de Miraflores)
- 981 762 294 (oficinas do Centro Cultural e Xuvenil de Muros)

4. Prazas

A. Esteiro (Pavillón Xosé Lago)

MODALIDADE	PRAZAS
Bádminton	Sen límite
Patinaxe	Sen límite
Ximnasia mantemento/body tónico	Sen límite
Ximnasia rítmica	Limitadas



CONCELLO DE MUROS

B. Muros (Pavillón de Miraflores/piscina municipal de Muros)

MODALIDADE	PRAZAS
Actividades predeportivas	Sen límite
Baloncesto	Sen límite
Fútbol sala	Sen límite
Patinaxe	Sen límite
Ximnasia de mantemento	Sen límite
Iniciación ao xadrez	Sen límite
Taekwondo*	Limitadas

* Impartirase na piscina municipal de Muros

C. Louro

MODALIDADE	PRAZAS
Ximnasia de mantemento	Limitadas

D. Abelleira

MODALIDADE	PRAZAS
Ximnasia de mantemento	Limitadas

E. Torea

MODALIDADE	PRAZAS
Ximnasia de mantemento	Limitadas

A adxudicación das prazas pode ser:

- Directa, no caso de que a demanda non supere o número de prazas dispoñibles en cada modalidade.
- Por sorteo, no suposto de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles en cada modalidade.

Será necesario un número mínimo de 10 persoas para a constitución de cada escola deportiva.

5. Preinscrición: Do 9 de setembro ata as 14.00 h do 19 de setembro de 2026

É persoal e intransferible. A preinscrición farase nas oficinas da Centro Cultural e Xuvenil de Muros, por medio da sede electrónica do Concello de Muros ou cubrindo o seguinte formulario:

- [Formulario de inscrición](#)



CONCELLO DE MUROS

No caso de rexistrar para a mesma persoa máis dunha solicitude, só se terá en conta a última, anulando con esta todas as feitas con anterioridade.

6. Matrícula: Do 24 ao 30 de setembro de 2026 (ambos incluídos)

É persoal e intransferible e deberase facer unha vez comprobada a adxudicación da praza, os horarios das escolas e do/s grupo/s no que a persoa interesada solicitou a preinscrición.

O alumnado deberá aboar a cota de participación no número de conta establecido por parte do Concello de Muros durante o período de matrícula.

7. Cota

A cota de participación será de 30,00 € anuais e deberase aboar no período de matrícula.

8. Inicio das actividades: 5 de outubro de 2026

As escolas deportivas constituídas darán comezo a partir do 5 de outubro de 2026 (luns) en función do día que lle corresponda a cada actividade.

9. Datas

As escolas deportivas impartiranse dende o 05/10/2026 ata o 28/05/2027, interrompéndose durante os períodos vacacionais correspondentes.

10. Requisitos

A. Para poder asistir ás escolas deportivas é preciso:

- Nacer nalgún dos anos correspondentes ás diferentes quendas.
- Non padecer ningunha enfermidade que lle impida practicar deporte.

B. O pai, a nai ou titor/a deberá cumprimentar a pertinente autorización de participación nos cursos.

11. Outros

Se houbera a suficiente demanda para constituír outra escola deportiva que non se recolle nestas bases, estudarase a posibilidade de poder incluíla.

Calquera circunstancia que non apareza nestas bases será tratada de maneira individual, previa solicitude da persoa interesada, así como calquera circunstancia de carácter especial que se puidera producir.



CONCELLO DE MUROS

12. Tratamento de datos

De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 (RXPd) e coa Lei Orgánica 3/2018, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais facilitados serán tratados polo Concello de Muros coa finalidade de xestionar esta convocatoria. Os datos poderán ser comunicados a outras administracións públicas cando sexa necesario para a súa tramitación, de acordo coas obrigas legais e co exercicio das competencias municipais. Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que foron recollidos e coas obrigas legais correspondentes. As persoas interesadas poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento, portabilidade e demais dereitos recoñecidos pola normativa, mediante escrito dirixido ao Concello de Muros (Curro da Praza, 1, 15250 Muros) ou ao correo electrónico dpd@muros.gal. Máis información en www.muros.gal/politica-de-privacidade/.



CONCELLO DE MUROS